



RESUMO INFORMATIVO

Materia	Lingua Galega e Literatura		
Docente/s	Ana Ayán Álvarez, Elba Baldomir Turnes e Ana Rodríguez Rouco		
Curso/Grupo	2ºESO	Ano académico	23/24
Contidos (resumo)			
1º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> -Temas 1, 2, 3 e primeira parte do Apéndice gramatical. - Libro de lectura: <u>Tristes armas</u> de Marina Mayoral 		
2º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> -Temas 4, 5, 6 e segunda parte do Apéndice gramatical. - Libro de lectura: "Chamábanlle a marquesiña", "O pai de Migueliño", "Se eu fose autor", "Sabela" e "O retrato" de Castelao. 		
3º Trimestre	<ul style="list-style-type: none"> -Temas 7, 8 e 9. - Libro de lectura: <u>Lúa do Senegal</u> de Agustín Fernández Paz 		
Obxectivos (resumo)			
Os marcados polo Decreto da LOMLOE polos que se establece o currículo da educación secundaria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.			
Metodoloxía (resumo)			
Establécese na Programación como flexible, integradora, participativa, permanente e competencial. Como recursos: Libro dixital de AulaPlaneta ; lecturas de cada avaliación; plataforma de E-Dixgal como canle de comunicación co alumnado e todos aqueles recursos en papel e dixitais que consideremos necesarios			
Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)			
<p>1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada una e integración das mesmas na cualificación trimestral:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Probas escritas contidos e/ou orais: 70% -Proba libro lectura obrigatorio: 20% -Produtos e Observación: 10 %. <p>2. Proceso de recuperación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O alumnado que non acade o aprobado coa media aritmética das tres avaliacións poderá realizar un exame de recuperación daquelas que teña suspensas. O libro de lectura obligatoria poderá formar parte da proba se non se superou na avaliación correspondente. <p>3. Proceso de recuperación da materia pendente de cursos anteriores.</p> <p>Probas escritas contidos: 90%. Realizarase, polo menos, un exame por avaliación nas datas indicadas pola xefatura de departamento.</p> <p>Tarefas a entregar: 10%</p> <p>A cualificación final será a resultante da media aritmética das tres avaliacións.</p> <p>O alumnado que non acade o aprobado coa media das avaliacións poderá presentarse a un exame final de toda a materia, que terá lugar na data indicada por xefatura de estudos.</p> <p>Considerarase superada a avaliación cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.</p> <p>A cualificación final da materia será o resultado da media aritmética das tres avaliacións ou, no caso do</p>			



alumnado que non aprobase ningunha avaliación, a cualificación obtida na recuperación final.
Aplicarase o redondeo a partir de 0,8.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

- Non realizar unha proba (escrita ou oral) de forma inxustificada supón a non superación da materia.
- O plaxio, copia, realización por persoas alleas de tarefas e/ou exames non permite superar a materia.

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

Materia	LINGUA GALEGA E LITERATURA	Departamento	LINGUA GALEGA E LITERATURA
Docente	Xosé Martínez Pedreiro, M ^a Tareixa de Castro Rodríguez		
Curso/Grupo	Ano académico	2023-24	4º ESO
Contidos			
1º Trimestre	Unidades 1, 2 e 3 do libro de texto: <ul style="list-style-type: none"> • Léxico: alimentación, emocións e o mundo rural • O texto e as súas propiedades • O sistema fonolóxico • Sintaxe I • Sociolingüística: as linguas do estado español; o portugués; o galego e as leis • Repaso: acentuación, xénero e número, o pronome persoal • Literatura: o 1º 1/3 do XX 		
2º Trimestre	Unidades 4, 5 e 6 do libro do texto: <ul style="list-style-type: none"> • Léxico: o lecer, letras e libros, o mar • O texto administrativo • Sintaxe II • Sociolingüística: Bilingüismo e diglosia; prexuízos e estereotipos; variedades lingüísticas • Repaso: o pronome persoal, o verbo, infinitivo conxugado • Literatura: A literatura entre 1936 e 1975 		
3º Trimestre	Unidades 7, 8 e 9 do libro do texto: <ul style="list-style-type: none"> • Léxico: o cine, os medios de comunicación • Textos dos medios de comunicación e dixitais • As relacións semánticas • Sociolingüística: variedades xeográficas; a normativización; interferencias e desviacións da norma • Repaso: perífrases verbais, ortografía • Literatura: A literatura a partir de 1975 		
Obxectivo			
O obxectivo é continuar no proceso de dominio da lingua e literatura galega, superar os prexuízos e acadar unha visión global da materia que contribúa a formar os alicerces da formación básica do alumnado.			

Metodoloxía

Procurarase empregar metodoloxías variadas para facilitar a aprendizaxe a un alumnado sempre moi diverso: metodoloxía dedutiva e inductiva; traballo individual e en grupo; probas de avaliación variadas (de desenvolver, tipo test, oral, escritas...); combinaranse métodos máis analóxicos con outros dixitais: libro de texto, aula virtual e outras plataformas.

Fomentarase o hábito lector e a creatividade, tanto escrita coma oral.

Intentarase relacionar esta materia coas outras do currículo e coa realidade do propio alumnado, facendo fincapé nos temas transversais e no fomento das competencias básicas.

Canto aos recursos empregados, tal como se indicou, usarase o libro de texto, a plataforma Edixgal, entre outras.

Proceso de Avaliación Ordinario

1. A cualificación obterase a partir da seguinte baremo:

• Probas escritas e/ou orais: 70%

• Proba libro lectura obrigatoria: 20%

• Traballo cotián (tarefas aula, tarefas casa, actividades puntuais (celebracións), uso da lingua, interacción e participación, respecto cara ao resto do alumnado, o profesorado e a materia): 10%

2. Proceso de recuperación de partes pendentes

Nesta materia aplícase a avaliación continua. Non obstante, en caso de haber unha nota moi baixa nalgunha proba (menos dun 3), o profesorado poderá animar o alumnado afectado a que repita algún exame para que así revise esa materia e acade os coñecementos básicos desa parte.

3. Determinación da cualificación final da materia ó remate da 3ª avaliación

- A avaliación final será o resultado da media aritmética das tres avaliacións, aplicándolle o redondeo que figura na Programación.

- O redondeo aplicarase cando da suma das notas que integran a cualificación resulte un decimal que sexa igual ou superior a 0,8 ou 0,9; nese caso, a nota asimilarase ao enteiro superior (Ex.: 3,8 obterá un 4 na avaliación, 5,9 un 6 etc.).

4. Proceso de recuperación da materia pendente de cursos anteriores

O alumnado coa materia pendente poderá acollerse a unha clase de reforzo semanal pola tarde. Os detalles dese proceso recóllense no documento informativo que recibiron e asinaron as familias con alumnado con materias pendentes.

Proceso de avaliación Extraordinario (Final)

Aínda que as probas extraordinarias desapareceron (antigo setembro), o alumnado que non acade o 5 na nota media das tres avaliacións terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación de todo o curso despois da 3ª avaliaciónn.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

- Copiar nun exame por calquera medio implica un cero na proba. O resultado é o mesmo en caso de plaxio, copia ou da realización por outras persoas de tarefas ou traballos.
- O alumnado que non realice un exame na data fixada deberá presentar xustificante oficial que explique esa ausencia.
- Calquera proba gravemente ilexible ou mal presentada poderá non ser cualificada ou ser rebaixada a nota da dita proba.
- As faltas descontán, seguindo os criterios marcados para a ABAU, ata dous puntos en cada proba.



RESUMO INFORMATIVO

Materia	Lingua galega e literatura		
Docente	Ana M. Barral Rodríguez, Purificación Rodríguez de Arriba e Ana María Rodríguez Rouco		
Curso/Grupo	2º BAC A, B, C, D, E e F	Ano académico	2023/24
Contidos (resumo)			
1º Trimestre	<p>-Funcionamento da lingua: A estrutura da palabra. Ditongos e acentuación. Fonética e fonoloxía.</p> <p>-As linguas e os seus falantes: Tema 1 (Os prexuízos lingüísticos)</p> <p>-Literatura: temas 1, 2, 3 e 4.</p> <p>-Textos: Comprensión e comentario crítico.</p> <p>-Lectura de <u>Os vellos non deben namorarse</u>.</p>		
2º Trimestre	<p>- Funcionamento da lingua: Substantivo e adxectivo. Xénero e número. A comparación. Os graos do adxectivo. O pronome persoal. Semántica.</p> <p>-As linguas e os seus falantes: A creación da variedade estándar. As variedades da lingua. Dialectoloxía.</p> <p>-Literatura: Temas 5, 6, 7 e 8.</p> <p>-Textos: Comprensión e comentario crítico.</p> <p>-Lectura de <u>A esmorga</u>.</p>		
3º Trimestre	<p>-Funcionamento da lingua: O verbo. Sintaxe.</p> <p>-Sociolingüística: A normalización lingüística. As linguas da Península Ibérica.</p> <p>-Literatura: Temas 9, 10, 11 e 12.</p> <p>-Textos: Comprensión e comentario crítico.</p> <p>NOTA: O reparto dos contidos por trimestres poderá sufrir modificacións en función do transcurso do curso.</p>		
Obxectivos (resumo)			
Os marcados polo Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.			



Metodoloxía (resumo)

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas. A metodoloxía establécese na programación como flexible, integradora, participativa, permanente e competencial.

Recursos:

- Opcional (só como material de apoio para aquel alumnado que así o estime oportuno): Libro de texto en papel: AAVV. Lingua galega e Literatura 2 BAC. Baía Edicións. Consorcio Editorial Galego ou AAVV. Lingua galega e Literatura 2 BAC. Ed. Santillana.
- Apuntamentos e textos proporcionados polas profesoras: a recoller na fotocopiadora ou na propia aula. Estarán tamén na Aula Virtual.
- Libros de lectura obrigatoria para a 1º e 2ª avaliación.
- Uso do correo electrónico e Aula Virtual do centro como canles de comunicación co alumnado.

Estratexias metodolóxicas:

- Lectura de textos curtos atendendo á comprensión e á valoración crítica.
- Elaboración de sínteses, identificando as ideas principais e secundarias.
- Lectura e comentario de textos literarios.
- Resolución de exercicios coa aplicación de coñecementos.
- Memorización comprensiva.
- Resolución de dúbidas.
- Explicacións das docentes.
- Elaboración de traballos individuais e/ou en grupos.

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

En cada avaliación farase unha proba escrita, como mínimo, máis outra proba sobre o libro de lectura obrigatoria, que poderá ser escrita, oral, mediante un traballo, ou ben con calquera outro método que o profesor considere adecuado.

A cualificación de cada avaliación será numérica (de 0 a 10 puntos) e responderá ás seguintes porcentaxes:

- Probas escritas contidos e/ou orais: 85% . Farase polo menos, un exame por avaliación. Neste exame establecerase unha penalización máxima por erros no uso da lingua de 2 puntos (sobre 10). Dita penalización desenvolverase seguindo os criterios marcados polo grupo de traballo de ABAU: moi graves (solucións alleas ao sistema lingüístico do galego: tempos compostos, mala colocación dos clícticos, anacolutos...): desconto 0'20 puntos c/u; graves (solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica...): desconto 0'10 c/u e leves (solucións galegas alleas ao estándar vixente, acentuación non diacrítica...): desconto 0'05 puntos c/u.

Será necesario obter un mínimo de 3 puntos dobre dez neste apartado para poder superar a materia. De facerse máis dun exame, a nota será a media dos exames, sendo necesario obter o mínimo de 3 puntos (sobre 10) en cada un deles para facer a media co(s) outro(s). De non acadar este mínimo tampouco se sumarán o resto das cualificacións (libro lectura, produtos, observación) e suspenderase a materia, adoptando as medidas correctoras oportunas.

- **Proba libro lectura obrigatorio: 10%**. Ademais da constatación da lectura, valorarase a comprensión do libro, así como a expresión. Puntuarase tamén a corrección da lingua segundo o dito anteriormente, co límite máximo, neste caso, de 1 punto (sobre 10).

- **Produtos e Observación: 5 %**: valoración da realización dos exercicios ou traballos propostos, o traballo na



aula, a expresión oral, a atención, a actitude positiva, e o respecto do alumnado cara á materia, o grupo e o profesor.

Considerase superada a avaliación cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. O redondeo á alza farase no caso en que a nota media final sexa igual ou superior a 50 centésimas. Se é inferior, o redondeo será á baixa.

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres e aplicarase o redondeo xa indicado anteriormente (a partir das 50 centésimas). Considérase superada a materia cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. Será necesario un mínimo de 3 puntos en cada avaliación para poder contar na media final.

O alumnado que non acade o aprobado polo proceso indicado terá dereito, en todo caso, á realización dunha recuperación final. Non obstante, queda ao criterio das docentes a realización doutras probas de recuperación previas (ben de exames, ben de avaliacións) no momento do curso que consideren máis oportuno, en función da diversidade de situacións.

Tanto a proba final como as posibles probas de recuperación serán probas escritas, do meso tipo que as ordinarias. A recuperación realizarase tamén dos libros de lectura obrigatoria suspensos, se é o caso, cuxa puntuación non poderá representar unha porcentaxe superior á establecida nas probas ordinarias.

A cualificación destas probas farase atendendo aos mesmos criterios e ponderación que as probas ordinarias, incluídos os descontos por erros lingüísticos, de forma que a posibilidade de mellora recae na proba escrita e mantense a cualificación do resto de instrumentos de avaliación. Só se modificará a cualificación se é superior á inicial.

Proceso de avaliación Extraordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

A proba extraordinaria de xuño será cualificada de 1 a 10. O redondeo aplicable será o mesmo que o establecido na proba final da avaliación ordinaria. Para superar a materia o alumno/a deberá alcanzar como mínimo un 5. Haberá unha penalización máxima por erros no uso da lingua de 2 puntos (sobre 10), igual á aplicada na avaliación ordinaria: faltas moi graves (0,20), faltas graves (0,10) e faltas leves (0,05).

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

- O plaxio, copia, realización por persoas alleas de tarefas e/ou exames non permite superar a materia.

- Redondeos: Cando da suma das notas que integran a cualificación resulte un decimal de 0,5 ou por enriba, asimilase ao enteiro superior

- Calquera proba gravemente ilexible ou mal presentada poderá non ser cualificada ou ser rebaixada na nota.

-No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese que "Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado". O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase terá consecuencias na cualificación, en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua, que é o núcleo da propia materia.

Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos.

- O docente poderá permitir a realización de lecturas e/ou traballos de carácter voluntario por parte do alumnado, con repercusión na cualificación final ordinaria, cun límite máximo de 1 punto, e sempre que a avaliación estea aprobada. Serán exposicións orais sobre temas relacionados cos bloques un e tres do



currículo, elaboración de reflexións escritas sinxelas sobre exposicións realizadas na contorna (das que serán informados polas profesoras) ou tamén de películas ou vídeos, indagación sobre a importancia de personaxes que dan nome a rúas ou outros enclaves da cidade, creación de podcasts, videopoemas e calquera outra actividade que xurda e se considere de interese para o alumnado.

(Extracto da programación do departamento)